

POSIBLES IDEAS PARA UNA HOMILÍA CON NIÑOS



PODA e cultiva a túa vida.

Dará froitos de CONVERSIÓN.

1. VER: Que rica a froita

- Poderíamos poñer diante de nós un froiteiro con froita variada e logo comentar cales son as nosas froitas preferidas.
- Logo dialogamos que é necesario para que as árbores dean froitos. A partir disto contámoslles o proceso laborioso que realiza o agricultor para que as árbores dean froitos bos: arrincar as malas herbas, preparar a terra, abonar, transplantar, eliminar parasitos, podar, cavar...
- Tamén se podería partir do xogo da poda: Debuxamos unha árbore con tronco e ramas pero sen follas nin froitos. En cada rama van pegando froitos con nomes de actitudes boas e malas que temos. Logo poñemos en común.

*Que froitos damos nós na vida? Que facemos mal?
Por que se podan as árbores?*

2. XULGAR: Xesús quere que podes e cultives a túa vida.

- No evanxeo de hoxe Xesús conta a parábola do dono que esperaba figos dunha figueira e esta non llos daba e por iso quería cortala. Pero un empregado insistiulle: *“Déixaa, eu cavareina a ver se dá froito”*.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Se nos preguntámonos** para que existen os paxaros diríamos que para cantar, as árbores diríamos que para dar bos froitos. E para que existimos nós? Para dar froitos de amor, de alegría, de loanza a Deus, de facer o posible por mellorar o mundo...
- Nas plantas ás veces **hai que podar para dar froito. A figueira é a nosa vida**, Deus é o paciente labrador que espera e espera froito. Haberá que arrincar as malas herbas, podar, cavar e estercar co noso esforzo e coa axuda de Deus.
- En Coresma **Deus espera a nosa conversión**, que deamos froitos de verdade e de amor, de xenerosidade e de alegría, de fe e de esperanza, de confianza e de futuro, de vida e de verdade.
- Temos que **podar, converternos, cambiar**. *No debuxo marcamos os froitos malos rodeándoos de cor vermella e o día da confesión témolos en conta.*

***Que é a conversión? Que froitos espera Deus de ti?
Que tes que cambiar e podar na túa vida?***

3. ACTUAR: Dá froitos de conversión.

- Dialogade sobre como aproveitades a educación que vos dan, a fe que vos regalaron e como a poñedes a producir.
- Concreta que necesitas cambiar na túa vida e que pasos vas dar nesta Coresma.
- Ide preparando a festa do perdón de Coresma que sexa expresión da túa conversión.
- Volvendo ao xogo da poda, no debuxo marcamos os froitos malos rodeándoos de cor vermella e o día da confesión témolos en conta.

-Ah! E recorda que converterse é volver a Deus, dar froitos de amor.

Que vas facer?

A PALABRA

ÉXODO 3, 1-8A. 13-15: “Eu son” envíame a vós.

Naqueles días, Moisés pastoreaba o rabaño do seu sogro Xetró, sacerdote de Madián. Levou o rabaño transhumando polo deserto ata chegar a Horeb, a montaña de Deus. O anxo do Señor aparecéuselle nunha labarada entre as silveiras. Moisés fixouse: a silveira ardía sen consumirse. Moisés díxose: «Vou achegarme a mirar este espectáculo admirable, a ver por que non se queima a silveira». Vendo o Señor que Moisés se achegaba a mirar, chamouno desde a silveira: «Moisés, Moisés». Respondeu el: «Aquí estou». Díxolle Deus: «Non te achegues; quítate as sandalias dos pés, pois o sitio que pisas é terreo sagrado». E engadiu: «Eu son o Deus dos teus pais, o Deus de Abrahán, o Deus de Isaac, o Deus de Xacob». Moisés tapou a cara, porque temía ver a Deus. O Señor díxolle: «Vin a opresión do meu pobo en Exipto e oín as súas queixas contra os opresores; coñezo os seus sufrimentos. Baixarei a libralo dos exipcios, a sacalo desta terra, para levalo a unha terra fértil e espazosa, terra que mana leite e mel». Moisés replicoulle a Deus: «Mira, eu irei aos fillos de Israel e direilles: “O Deus dos vosos pais envioume a vós”. Se eles me preguntan: “Cal é o seu nome”?, que lles respondo?». Deus díxolle a Moisés: «“Eu son o que Son”; isto dirás aos fillos de Israel: “Eu son” envíame a vós». Deus engadiu: «Isto dirás aos fillos de Israel: “O Señor, Deus dos vosos pais, o Deus de Abrahán, Deus de Isaac, Deus de Xacob, envíame a vós. Este é o meu nome para sempre: así me chamaredes de xeración en xeración”». *Palabra do Señor.*

• **SALMO 102: O Señor é compasivo e misericordioso.**

•

• **1 CORINTIOS 10, 1-6. 10-12: A vida do pobo con Moisés no deserto foi escrita para escarmento noso.**

• **LUCAS 13,1-9:** *Se non vos convertedes, todos pereceredes do mesmo xeito*

Narrador: Naquel tempo presentáronse algúns a contar a Xesús o dos galileos, cuxa sangue mesturara Pilato coa dos sacrificios que ofrecían. Xesús respondeu:

Xesús: -«*Pensades que eses galileos eran máis pecadores que os demais galileos porque padeceron todo isto? Dígovos que non; e, **se non vos convertedes**, todos pereceredes o mesmo. Ou aqueles dezaioito sobre os que caeu a torre en Siloé e matounos, pensades que eran máis culpables que os demais habitantes de Xerusalén? Dígovos que non; e, se non vos convertedes, todos pereceredes do mesmo xeito*».

Narrador: E díxolles esta parábola:

Xesús: -«*Un tiña unha figueira plantada na súa viña, e foi buscar froito nela, e non o atopou. Dixo entón ao viñateiro:*

Amo: -“*Xa ves, tres anos levo vindo buscar froito nesta figueira, e non o atopo. Córtaa. Para que vai prexudicar o terreo*”?

Xesús: -*Pero o viñateiro respondeu:*

Viñateiro: -“*Señor, déixaa aínda este ano e **mentres tanto eu cavarei ao redor e botareille esterco, a ver se dá froito en diante. Se non, pódela cortar***”».

Palabra do Señor.

(Narrador – Xesús – Amo - Viñateiro)